

GUÍA PARA A REVISIÓN DA CALIDADE DE ESTUDIOS DE IMPACTO AMBIENTAL

Neste apartado subminístrase unha lista de chequeo para revisar o contido do estudio de impacto ambiental, co obxecto de que os seus redactores comproben se cumpre cos requirimentos do artigo 5 e do anexo IV da Directiva 97/11/CE, achegando a suficiente información para axudar ó órgano ambiental a emitir a Declaración de impacto ambiental e para a adecuada comunicación co público en xeral e cos organismos a consultar.

Nos apartados seguintes danse instrucións para usar a lista de chequeo que se subministra para determinar se a información do estudio de impacto ambiental é adecuada para o seu trámite ambiental, e en caso de non selo, detectar qué información adicional é necesaria. Para iso, a lista de chequeo organízase en sete seccións:

1. Descrición do proxecto.
2. Alternativas.
3. Descrición do medio posiblemente afectado polo proxecto.
4. Descrición dos impactos significativos que probablemente provoque o proxecto.
5. Descrición das medidas protectoras e correctoras.
6. Documento de síntese.
7. Calidade da presentación.

Dentro de cada sección atópanse numeradas as preguntas de revisión correspondentes. Para algunhas preguntas proporciónanse aclaracións para axudar ó revisor.

INSTRUCCIÓNS PARA A REVISIÓN DUN ESTUDIO DE IMPACTO COA LISTA DE CHEQUEO

Paso 1

Breve revisión do estudio para ver cómo está organizado e onde atopar a información.

Paso 2

Decidir para cada pregunta de revisión se esta é relevante para o proxecto específico. Se o é, introducir “Sí” na columna 2. Ó final de cada sección da lista de revisión se existe algún elemento do proxecto de importancia correspondente a esa parte da lista non identificado e que puidera ser relevante, engadirase nos espazos provistos para iso.

Paso 3

Se a pregunta de revisión se considerou relevante, revisar o EsIA con maior detalle para decidir se a información específica identificada na pregunta se proporciona, e de ser así, se é adecuada para o proceso decisorio. Se o é, introduciremos “Sí” na columna 3. Se non o é, introduciremos “Non”.

Á hora de considerar se a información é suficiente para o proceso decisorio, o revisor debe considerar se existen omisións de información e se estas son esenciais. Se non o son, entón pode resultar innecesario requirir a información. Isto evitará atrasos innecesarios no proceso. Os aspectos a ser considerados incluírán:

- As disposicións legais aplicables e os aspectos que o decisor necesite ter en conta para aprobar o proxecto.
- Se o proceso descrito na etapa de EIA se refire a un deseño preliminar do proxecto ou a un detallado.
- Se existen aspectos posteriores requiridos que precisen un exame en detalle dos súas afeccións ó medio, por exemplo, o control da contaminación seguindo a directiva IPPC.
- A escala e complexidade do proxecto, así como a fragilidade do medio ambiente receptor do mesmo.
- Se os factores ambientais afectados polo proxecto están adecuadamente estudados.
- Os puntos de vista do público e organismos sobre o proxecto, así como o grao de controversia provocado polo mesmo.

Paso 4

Se a resposta á pregunta é “Non”, considerar qué información adicional se require e anotalo na columna 4. O revisor pode tamén suxerir onde ou cómo se debe obter esta información.

LISTA DE CHEQUEO PARA A REVISIÓN DE ESTUDIOS DE IMPACTO AMBIENTAL

Proxecto:

SECCIÓN I: DESCRICIÓN DO PROXECTO			
<i>Pregunta de revisión</i>	<i>¿Relevante?</i>	<i>¿Adecuadamente tratado?</i>	<i>¿Qué información adicional se necesita?</i>
Obxectivos e características físicas do proxecto			
1.1. ¿O proxecto presentado integra as conclusións do estudio correspondente?			
1.2. ¿Explicouse a necesidade do proxecto e os seus obxectivos?			
1.3. ¿Describiuse o plan de execución do proxecto, detallando a duración, e datas de inicio e fin para as fases de construción, operación e abandono? (Débense incluír as subfases dentro das fases principais)			
1.4. ¿Describíronse tódolos compoñentes principais do proxecto?			
1.5. ¿Identificouse a localización de cada compoñente do proxecto, empregando os mapas, planos e esquemas necesarios?			
1.6. ¿Describiuse a distribución do lugar (ou lugares) ocupados polo proxecto? (incluíndo niveis do terreo, construcións e outras estruturas, traballos subterráneos e na costa, almacéns, caracterización de augas, vías de acceso, plantacións, límites)			
1.7. Para proxectos lineais, ¿identificouse o corredor por onde transcorrerá, así como as aliñacións verticais e horizontais, túneles e pontes previstos?			
1.8. ¿Describíronse tódalas actividades a realizar para a construción do proxecto?			
1.9. ¿Describíronse tódalas actividades implicadas no funcionamento do proxecto ?			
1.10. ¿Describíronse tódalas actividades implicadas no abandono do proxecto? (p. e. clausura, desmantelamento, demolición, despeixe, restauración, nova utilización do lugar)			
1.11. ¿Describíronse tódolos servizos adicionais necesarios para o proxecto? (p. e. accesos, acometidas de auga, tratamento de augas residuais, vertedoiros, electricidade, telecomunicacións; ou de urbanización p. e. estradas, portos, liñas eléctricas, conducións)			
1.12. ¿Identificáronse as infraestruturas previsibles como consecuencia do proxecto? (p. e. novas edificacións, estradas, subministración e depuración de augas, extracción de áridos)			
1.13. ¿Identificáronse as actividades existentes que serán alteradas ou interrompidas como consecuencia do proxecto?			
1.14. ¿Existe algunha outra actuación existente ou planeada coa cal o proxecto podería causar efectos acumulativos?			

<i>Pregunta de revisión</i>	<i>¿Relevante?</i>	<i>¿Adecuadamente tratado?</i>	<i>¿Qué información adicional se necesita?</i>
Tamaño do proxecto			
1.15. ¿Cuantifícase a área de terreo ocupada polos elementos permanentes do proxecto e mostra mediante planos con escala? (incluíndo tódolos accesos e instalacións auxiliares)			
1.16. ¿Cuantifícanse e cartografáronse a área temporal empregada durante a construción?			
1.17. ¿Describiuse o plan de restauración e uso posterior da área afectada temporalmente para o funcionamento do proxecto? (p. e. terreos empregados para minería ou canteiras)			
1.18. ¿Indicouse o tamaño de tódalas estruturas e obras implicadas no proxecto? (p. e. a área da planta e altura de construcións, profundidade de escavacións, a área e altura de plantacións, a altura de estruturas como terrapléns, altura das chemineas, o caudal ou profundidade das augas)			
1.19. ¿Describiuse a forma e aparencia de cada estrutura e outras obras realizadas como parte do proxecto? (p. e. o tipo, acabado e color dos materiais, deseño arquitectónico de edificios e estruturas, especies vexetais, superficie do solo, etc.)			
1.20. Para proxectos de urbanización ou similares, ¿describíronse o número e outras características de novas poboacións ou comercios?			
1.21. Para proxectos que supoñen o traslado de poboacións ou comercio, ¿describíronse o número e outras características de ditos desprazamentos?			
1.22. Para novas infraestructuras de transporte ou proxectos que xeren un incremento do fluxo de tráfico considerable, ¿describiuse o tipo, volumes, patrón temporal e distribución xeográfica do novo tráfico xerado ou desviado como consecuencia do proxecto?			
Procesos productivos e recursos utilizados			
1.23. ¿Describíronse tódalas actividades que supón a fase de operación do proxecto? (p. e. procesos de produción e enxeñería, produción de materias primas, produción forestal e agricultura, procesos de extracción)			
1.24. ¿Describíronse os tipos e cantidades de produtos obtidos polo proxecto? (poden ser materias primas ou produtos, bens como enerxía ou auga, ou servizos tales como vivendas, transporte, zonas de comercio e recreativas, educación, servizos municipais (auga, residuos, etc.))			
1.25. ¿Indicáronse os tipos e cantidades de materias primas e enerxía necesarias para a construción e funcionamento do proxecto?			
1.26. ¿Tratáronse as implicacións ambientais sobre as fontes de materias primas?			
1.27. ¿Tratouse a eficiencia no uso da enerxía e materias primas?			
1.28. ¿Identificouse e cuantificouse cada material perigoso utilizado, almacenado, manexado ou producido polo proxecto? ▪ Na fase de construción ▪ Na fase de operación ▪ Na fase de abandono			

<i>Pregunta de revisión</i>	<i>¿Relevante?</i>	<i>¿Adecuadamente tratado?</i>	<i>¿Qué información adicional se necesita?</i>
1.29. ¿Contemplouse o transporte de materias primas e tráfico rodado implicados no proxecto? (incluíndo transporte por estrada, ferrocarril e marítimo) - Na fase de construción - Na fase de operación - Na fase de abandono			
1.30. ¿Tívoise en conta a posibilidade de xeración de emprego ou perda do mesmo como consecuencia do proxecto? - Na fase de construción - Na fase de operación - Na fase de abandono			
1.31. ¿Estimáronse os accesos necesarios e o tráfico xerado como consecuencia do traslado de traballadores e visitantes ó proxecto? - Na fase de construción - Na fase de operación - Na fase de abandono			
1.32. ¿Preveuse o aloxamento e aprovisionamento de servizos para traballadores temporais ou permanentes no proxecto? (é relevante no caso de proxectos que requiren o traslado de man de obra á área do proxecto para a súa construción ou a longo prazo)			
Residuos e emisións			
1.33. ¿Identificouse o tipo e cantidade de residuos sólidos xerados como consecuencia do proxecto? (incluíndo residuos de construción e demolición, residuos de proceso, subproductos, excedentes ou produtos rexeitados, residuos domésticos e de comercios, residuos forestais ou de agricultura, residuos de limpeza do terreo, áridos, residuos de desmantelamento) - Na fase de construción - Na fase de operación - Na fase de abandono			
1.34. ¿Indicouse a composición e toxicidade ou outros riscos dos residuos sólidos xerados polo proxecto?			
1.35. ¿Descríbironse os métodos de recollida, almacenamento, transporte e destino final dos residuos sólidos?			
1.36. ¿Presentouse a localización do destino final dos residuos sólidos?			
1.37. ¿Identificáronse os tipos e cantidades de efluentes xerados polo proxecto? (incluíndo drenaxe, vertidos, augas de refrixeración, efluentes tratados, augas residuais) - Na fase de construción - Na fase de operación - Na fase de abandono			
1.38. ¿Incluíuse a composición e toxicidade ou outros riscos de tódolos efluentes producidos polo proxecto?			
1.39. ¿Descríbironse tódolos métodos de recollida, almacenamento, tratamento, transporte e destino final dos efluentes?			
1.40. ¿Presentouse a localización do destino final dos efluentes?			

<i>Pregunta de revisión</i>	<i>¿Relevante?</i>	<i>¿Adecuadamente tratado?</i>	<i>¿Qué información adicional se necesita?</i>
1.41. ¿Identificouse o tipo e cantidades de emisións de gases e partículas xerados polo proxecto? (incluíndo emisións do proxecto, fugas de gas, gases de combustión en plantas móbiles ou fixas, emisións do tráfico, po do manexo de materiais, olores) - Na fase de construción - Na fase de operación - Na fase de abandono			
1.42. ¿Presentouse a composición e toxicidade ou outros riscos de tódalas emisións ó aire producidas polo proxecto?			
1.43. ¿Descríbironse os métodos de recollida, tratamento e descarga final das emisións ó aire?			
1.44. ¿Identificouse a localización dos puntos de descarga das emisións ó aire e as características de ditas descargas? (p. e. altura da cheminea , velocidade e temperatura de emisión)			
1.45. ¿Contéplase a posibilidade de recuperación dos residuos? (incluíndo reutilización, reciclaxe ou valorización dos residuos sólidos e efluentes líquidos)			
1.46. ¿Identificouse e cuantificouse as fontes de ruído, calor, luz o radiacións electromagnéticas orixinadas polo proxecto? (incluíndo equipos, procesos, traballos de construción, tráfico, iluminación, etc.)			
1.47. ¿Presentáronse os métodos de estimación da cantidade e composición de tódolos residuos e emisións e calquera dificultade xurdida?			
1.48. ¿Presentouse a incerteza asociada ás estimacións de residuos e emisións?			
Risco de accidentes e perigosidade			
1.49. ¿Descríbironse os riscos asociados ó proxecto? - Riscos debidos ó manexo de materiais perigosos - Riscos debidos a incendios e explosións - Riscos debidos a accidentes de tráfico - Riscos debidos a avarías ou fallos no proceso ou en servizos - Riscos debido á exposición do proxecto a desastres naturais (terremotos, inundacións, correntamentos de terras, etc.)			
1.50. ¿Descríbironse as medidas de prevención e resposta ante accidentes e sucesos anormais? (medidas de prevención, plans de emerxencia, plans de continxencia, simulacros, etc.)			
Outros aspectos a considerar na descrición do proxecto			

SECCIÓN II: ALTERNATIVAS

[illegible]

SECCIÓN III: DESCRICIÓN DO MEDIO POSIBLEMENTE AFECTADO POLO PROXECTO			
<i>Pregunta de revisión</i>	<i>¿Relevante?</i>	<i>¿Adecuadamente tratado?</i>	<i>¿Qué información adicional se necesita?</i>
Aspectos sobre o medio			
3.1. ¿Descríbense os usos actuais dos terreos ocupados polo proxecto e o seu contorno, así como a poboación que hai neles ou o uso que lle dan ós mesmos? (incluíndo os usos do solo residencial, comercial, industrial, agrícola, recreativo e de protección ambiental, así como calquera edificio, estrutura ou outra propiedade)			
3.2. ¿Descríbiuse a topografía, xeoloxía e solos do terreo a ocupar polo proxecto e o seu contorno?			
3.3. ¿Descríbense as características máis significativas da topografía ou xeoloxía da área, así como as condicións e usos dos solos? (incluíndo a calidade dos solos, estabilidade e erosión, usos agrícolas e calidade agrolóxica dos mesmos)			
3.4. ¿Descríbiuse adecuadamente a fauna e flora dos terreos ocupados polo proxecto así como o seu contorno, e ilustrado mediante a cartografía adecuada?			
3.5. ¿Descríbense as poboacións de especies e hábitats afectados polo proxecto, así como identificado as especies e áreas protexidas?			
3.6. ¿Descríbiuse o medio acuático da área do proxecto? (incluíndo augas superficiais estancadas ou en movemento, estuarios, augas costeiras e mar, ó igual que vertidos e drenaxes). Non relevante en caso de que o medio acuático non se vexa afectado polo proxecto.			
3.7. ¿Descríbiuse a hidroloxía, calidade das augas, e usos das fontes de auga que puideran resultar afectadas polo proxecto? (incluíndo usos de auga para subministración, aproveitamento pesqueiro, pesca deportiva, baño, recreo, navegación e vertido de efluentes)			
3.8. ¿Descríbense as condicións climáticas e meteorolóxicas locais, así como a calidade do aire existente? (Non relevante en caso de que o proxecto non afecte a esas características do medio)			
3.9. ¿Descríbiuse o nivel acústico da zona? (Non relevante en caso de que os niveles acústicos non sexan afectados)			
3.10. ¿Tívoise en conta a posible contaminación luminosa, calorífica ou electromagnética? (Non relevante se estas características do medio non se ven afectadas polo proxecto)			
3.11. ¿Existe algún ben na área que puidera resultar afectado polo proxecto? (incluíndo edificios, outras estruturas, recursos minerais e acuíferos)			
3.12. ¿Existe algún espazo ou elemento de importancia arqueolóxica, histórica, arquitectónica, cultural ou comunitaria na área, que puidera ser afectada polo proxecto, incluíndo lugares protexidos?			
3.13. ¿Descríbiuse a paisaxe afectada polo proxecto, incluíndo paisaxes destacadas ou protexidas, así como vistas ou miradoiros?			
3.14. ¿Descríbense as condicións demográficas, sociais e socioeconómicas (p. e. emprego) da área?			
3.15. ¿Descríbense posibles cambios futuros nos aspectos ambientais considerados, que poderían ocorrer en caso de non levar a cabo o proxecto?			

[illegible]

SECCIÓN IV: DESCRIPCIÓN DOS IMPACTOS SIGNIFICATIVOS QUE PROBABLEMENTE PROVOQUE O PROXECTO

<i>Pregunta de revisión</i>	<i>¿Relevante?</i>	<i>¿Adecuadamente tratado?</i>	<i>¿Qué información adicional se necesita?</i>
Alcance dos efectos			
4.1. ¿Descríbese o procedemento polo cal se definiu o alcance do estudio ambiental?			
4.2. ¿É evidente que se realizou un labor de scoping sistematizada?			
4.3. ¿É evidente que tódalas consultas se levaron a cabo na fase de “scoping”?			
4.4. ¿Presentáronse os comentarios e puntos de vista das persoas e organismos consultados?			
Predicción dos efectos directos			
4.5. ¿Descríbóronse e cuantificáronse adecuadamente cando proceda os efectos directos sobre os usos dos solos, poboación e propiedades?			
4.6. ¿Descríbóronse e cuantificáronse adecuadamente cando proceda os efectos directos sobre os elementos xeolóxicos e características dos solos?			
4.7. ¿Descríbóronse e cuantificáronse adecuadamente cando proceda os efectos directos sobre a flora, fauna e hábitats?			
4.8. ¿Descríbóronse e cuantificáronse adecuadamente cando proceda os efectos directos causados na hidroloxía e calidade das augas?			
4.9. ¿Descríbóronse e cuantificáronse adecuadamente cando proceda os efectos directos causados sobre o uso das augas?			
4.10. ¿Descríbóronse e cuantificáronse adecuadamente cando proceda os efectos directos causados sobre a calidade do aire e as condicións climáticas?			
4.11. ¿Descríbóronse e cuantificáronse adecuadamente cando proceda os efectos directos sobre o medio acústico (rúidos e vibracións)?			
4.12. ¿Descríbóronse e cuantificáronse adecuadamente cando proceda os efectos directos causados pola calor, luz ou radiacións electromagnéticas?			
4.13. ¿Descríbóronse os efectos directos causados sobre bens materiais e esgotamento de recursos naturais non renovables (p. e. combustibles fósiles, minerais)?			
4.14. ¿Descríbóronse os efectos directos causados sobre lugares ou elementos de importancia cultural?			
4.15. ¿Descríbiuse e ilustrouse cando proceda os impactos causados na calidade da paisaxe, vistas e miradoiros?			
4.16. ¿Descríbóronse e cuantificáronse cando proceda os efectos directos causados na demografía, condicións sociais e socioeconómicas?			
Predicción dos efectos secundarios, temporais, a curto e longo prazo, permanentes, accidentais, indirectos e acumulativos			
4.17. ¿Descríbóronse e cuantificáronse cando proceda os efectos indirectos sobre calquera elemento do medio ambiente descrito anteriormente causados por impactos directos? (p. e. efectos sobre a fauna, flora ou hábitats causados por contaminación dos solos, aire ou auga e ruído; efectos sobre os usos das augas causados por cambios na hidroloxía ou calidade das augas; efectos sobre restos arqueolóxicos causados por desecación dos solos)			
4.18. ¿Descríbóronse os impactos temporais de curta duración causados durante a construción ou durante un tempo limitado das fases de operación ou abandono?			

<i>Pregunta de revisión</i>	<i>¿Relevante?</i>	<i>¿Adecuadamente tratado?</i>	<i>¿Qué información adicional se necesita?</i>
4.19. ¿Descríbense os efectos permanentes sobre o medio causados durante as fases de construción, operación e abandono do proxecto?			
4.20. ¿Descríbense os efectos a longo prazo causados polo funcionamento do proxecto ou por acumulación de contaminantes no medio ambiente?			
4.21. ¿Descríbense e cuantifícanse cando proceda os posibles efectos derivados de accidentes, sucesos anormais ou exposición do proxecto a desastres naturais ou a outros causados polo home?			
4.22. ¿Descríbense os efectos causados sobre o medio ambiente por actividades auxiliares ó proxecto principal? (fai referencia a actividades tales como a construción de accesos e infraestruturas, tráfico xerado, extracción de materias primas, xeración e subministro de enerxía, vertido de efluentes e depósito de residuos)			
4.23. ¿Descríbense os efectos causados sobre o medio polos desenvolvementos conseguintes ó proxecto? (fai referencia ó desenvolvemento de outros proxectos estimulados polo proxecto principal, tales como a creación de novos bens e servizos, vivendas, comercio, etc.)			
4.24. ¿Descríbense os efectos acumulativos causados polo proxecto xunto con outros desenvolvementos existentes ou planificados no mesmo lugar?			
4.25. ¿Identifícase de modo axeitado a extensión xeográfica, duración, reversibilidade e probabilidade de ocorrencia de cada efecto?			
Predicción dos efectos sobre a saúde humana e o desenvolvemento sostible			
4.26. ¿Identifícase e cuantifícase cando foi preciso os efectos primarios e secundarios sobre a saúde humana e o benestar da poboación?			
4.27. ¿Descríbiuse cando foi preciso os impactos sobre biodiversidade, cambio climático global e desenvolvemento sostible?			
Avaliación da importancia dos efectos			
4.28. ¿Tratouse a importancia de cada efecto predito en termos da súa conformidade cos requisitos legais e o número, importancia e sensibilidade da poboación, recursos ou outros receptores afectados?			
4.29. Cando os efectos se avalían seguindo estándares ou requisitos legais, ¿séguese algunha guía de avaliación relevante a nivel local, nacional ou internacional?			
4.30. ¿Descríbense tanto os efectos negativos como positivos sobre o medio ambiente?			
4.31. ¿Explicouse con claridade as implicacións de cada efecto?			
Métodos de avaliación de impactos			
4.32. ¿Descríbense os métodos empregados para predicir cada efecto e cales son os motivos da súa elección? ¿Preséntanse as dificultades atopadas na súa aplicación e a incertidume dos resultados obtidos?			
4.33. Onde hai incerteza para precisar detalles sobre os impactos do proxecto sobre o medio, ¿presentouse o peor caso posible?			
4.34. Onde houbo dificultades para recompilar os datos necesarios para predicir e avaliar os impactos, ¿Admitiuse tales dificultades e as súas implicacións nos resultados?			
4.35. ¿Descríbiuse de modo claro a base empregada para avaliar a importancia dos impactos?			

[illegible]

SECCIÓN V: DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS

<i>Pregunta de revisión</i>	<i>¿Relevante?</i>	<i>¿Adecuadamente tratado?</i>	<i>¿Qué información adicional se necesita?</i>
5.1. Cando existen impactos significativos adversos sobre calquera aspecto do medio ambiente, ¿discútese as posibles medidas correctoras para tentar mitigalos ou corríxilos?			
5.2. ¿Explicouse claramente as medidas que o promotor propón levar a cabo para atenuar ou corrir os impactos, así como os seus efectos sobre a magnitude e importancia dos impactos?			
5.3. Se o efecto sobre a magnitude e importancia dos impactos non se coñece, ¿explícanse as razóns?			
5.4. ¿Está claro se o promotor realiza un compromiso vinculante de aplicar as medidas correctoras, ou polo contrario estas son só suxestións ou recomendacións?			
5.5. ¿Están explicadas as razóns do promotor para elixir as medidas propostas?			
5.6. ¿Definiuse claramente de quen é a responsabilidade, incluíndo o financiamento, de levar a cabo estas medidas?			
5.7. Cando non é posible establecer medidas correctoras de impactos significativos, ou o promotor optou por non propor ningunha medida, ¿explícanse claramente as razóns?			
5.8. ¿É evidente que se considerou tódalas posibles aproximacións para corrir os impactos, incluíndo medidas para reducir ou evitar os impactos mediante alternativas estratéxicas ou de localización, cambios no deseño do proxecto, cambios nos métodos e procesos, tecnoloxías de final de tubaxe, medidas para corrir os impactos ou medidas para compensalos?			
5.9. ¿Descríbense as medidas compensatorias, se é que as hai?			
5.10. ¿Inclúese un plan de restauración ben presupostado, se é o caso?			
5.11. ¿Propónse plans para controlar os impactos residuais?			
5.12. ¿Descríbese algún impacto negativo das medidas correctoras propostas?			
Outros aspectos sobre as medidas protectoras e correctoras			

SECCIÓN VI: RESUMO DO ESTUDIO E CONCLUSIÓN (DOCUMENTO DE SÍNTESE)

[illegible]

SECCIÓN VII: CALIDADE DA PRESENTACIÓN

[illegible]

VALORACIÓN GLOBAL DO ESTUDIO DE IMPACTO AMBIENTAL			
Se o revisor desexa empregar a lista de revisión para realizar unha valoración global da calidade da información ambiental, pode facelo empregando a seguinte táboa.			
Nº	Tema de revisión	Cualificación	Comentarios
1	CARACTERÍSTICAS DO PROXECTO		
2	ALTERNATIVAS CONSIDERADAS		
3	LOCALIZACIÓN DO PROXECTO		
4	MEDIDAS PROTECTORAS E CORRECTORAS		
5	CARACTERÍSTICAS DOS IMPACTOS POTENCIAIS		
6	CALIDADE DA PRESENTACIÓN		
Valoración global:			
Comentarios:			